

RESOLUCIÓN reitoral do 6 de maio de 2026 pola que se resolve a convocatoria de axudas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2026 no campus de Ourense

De acordo coa base décima da Resolución reitoral do 16 de febreiro de 2026 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2026, visto o acordo da Comisión Permanente Delegada do Consello de Campus de data 5 de maio de 2026, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

Aprobar a relación definitiva de axudas concedidas e denegadas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2026 no Campus de Ourense, con indicación do importe da contribución desta Universidade (Anexo), e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)
O vicerreitor do campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



ANEXO

Cursos Extensión 2026: Solicitudes concedidas definitivamente - Campus Ourense

Solicitante	Curso proposto	Puntuación obtida	Achega Universidade de Vigo (€)
José Luis Legido Soto	Termalismo en ruta: das augas salúferas de Galicia aos manantiais de Aquitania	7	4.000
María Fernández González	Desafíos e oportunidades para a conservación da biodiversidade	6	4.000
José Ramón Álvarez Campos	Ourense no tempo: historia, arte e tradicións IV	4,25	4.000
María Lameiras Fernández	A pornificación da cultura: hipersexualización e mercantilización do corpo das mulleres	4	3.456
Francisco Xabier Aguiar Fernández	Ferramentas e procesos de facilitación para a interacción ecosocial	3,5	4.000
Jesús Deibe Fernández Simo	Intelixencia artificial e innovación desde unha perspectiva socioeducativa	3	3.053
Paulino Pérez Feijoo	Cinema galego. Diversidade creativa ¹		14.991,89

Cursos Extensión 2026: Solicitudes denegadas definitivamente - Campus Ourense

Solicitante	Curso proposto	Puntuación obtida
Millán Brea Castro	Videoxogos: historia, cultura e recursos pedagóxicos. Iniciándonos nos exergames	2,5
Francisco Javier Fernández Abreu	Artistas e industria musical	2,25
Manuel Arias Estévez	O xadrez como ferramenta pedagóxica transversal	1

¹ (1) Este curso é proposto a iniciativa da Vicerreitoría do campus de Ourense e financiado pola Deputación de Ourense

